

Liga de debate da economía social



XUNTA DE GALICIA

Contido

Que é a Liga de debate da economía social?

Como funciona?

Temas de debate

Modo de intervención

Quen pode participar?

Onde se vai celebrar?

Que é a Liga de debate da economía social?

Trátase dunha actividade competitiva-formativa que ten como base fundamental o fomento da cooperación, da investigación e da eficiente argumentación de posturas a defender (a favor ou en contra) sobre liñas temáticas relacionadas coa economía social.

Ao tratarse dunha actividade amena e de gran carga didáctica, interprétase como especialmente idónea para traballar e indagar no coñecemento da realidade da economía social.

O formato pretende desvincularse dos formalismos empregados tanto no debate académico como no debate parlamentario, dando a opción aos participantes a vincular o debate co sentido/sentir da cooperación, tanto na comunicación interna como na externa.

A **nivel interno**, os membros de cada equipo traballan conxuntamente para chegar a argumentos de gran peso competitivo, veraces e mesmo impactantes, sendo todos e cada un dos membros pezas claves para o éxito.

A **nivel externo**, as persoas que participan deste formato de liga poden poñer en marcha habilidades de cooperación ao amosar no formato que escollan os resultados das súas investigacións, da súa creatividade e do seu esforzo innovador, sendo unha mostra tamén de saber escoitar activamente, aprender dos demais e desfrutar dunha actividade meramente social.

Para dar resposta a este formato de liga de debate, contéplase que cada equipo veña composto entre 3 e 5 persoas: unha exercerá a capitanía e as restantes serán oradoras-investigadoras. Segundo o regulamento e en coherencia cos principios e valores da economía social, haberá posibilidades de modificar os roles das persoas integrantes do equipo participante, debendo notificar antes de cada debate o número e perfil dos mesmos.

Unha das peculiaridades desta liga é o feito de que todos os membros do xurado son profesionais e especialistas en economía social, o que aporta unha bagaxe moi nutrida de contido de valor. Este fundamento teórico-práctico vese reforzado ao recibir unha formación estruturada e práctica (en habilidades comunicativas, oratoria, retórica, posta en escena, técnicas de persuasión, mercadotecnia) cara a saber vulgar o traballo, evolución e achegas que os equipos fan á liga.

Tras o panel humano de xuíces, estrutúrase un sistema de aspectos de valoración (forma, fondo e elementos de valoración cooperativa) que servirán de guía para a clasificación dos diferentes equipos en cada etapa da competición.

Como funciona?

A liga de debate de economía social preséntase da seguinte forma:

- 8 equipos participantes → 3 persoas mínimo por equipo
- Formato cuartos de final → semifinal → final

De darse o caso dun maior número de equipos inscritos, contéplase a posibilidade de acoller un formato de Oitavos de final (16 equipos).



En función do formato definitivo, recóllese a consideración de ofrecer dous temas de debate sobre temática de Economía Social para unha fase inicial da liga e outro tema para as fases semifinais e finais, ofrecendo máis frescura ás achegas e aos debates desenvolvidos.

Os temas de debate que se contemplan introducir son dous:

Tema fases iniciais

É Galicia territorio para economía social?

Tema fase semifinal e final

É a economía social a economía do futuro?

O esqueleto básico dun debate consta de dous equipos (integrados por un mínimo número de persoas e perfís), un panel de xuíces e a presenza respectuosa de público libre xunto coa atenta asistencia de persoal da organización.

Unha vez que a persoa que exerce o rol de **xuíz principal** convoca aos equipos a coñecer a postura que nese momento deben defender (sorteo a sobre pechado coas persoas que exercen a capitanía como protagonistas), os equipos interveñen por quendas, facendo resaltar os aspectos de valoración puntuables para a valoración final. As persoas oradoras son as encargadas de defender as posturas correspondentes coa inestimable axuda documental, argumental e de recursos de posta en escena das persoas investigadoras que forman parte dos equipos.

As **quendas de intervención** veñen marcadas en regulamento así como as normas que se deben cumprir no transcurso do debate por parte de todos os participantes e incluso asistentes, dando pé ao correcto transcorrer da experiencia.

A estrutura da competición é unha ordenada liña de quendas de intervencións, dando lugar a uns 28 minutos de debate:

1. Equipo AF: Exposición: 3 minutos.	2. Equipo EC: Exposición: 3 minutos.
3. Equipo AF: Refutación 1: 4 minutos.	4. Equipo EC: Refutación 2: 4 minutos.
5. Equipo AF: Refutación 2: 4 minutos	6. Equipo EC: Refutación 2: 4 minutos.
7. Equipo EC: Conclusión: 3 minutos.	8. Equipo AF: Conclusión: 3 minutos.

Lenda: [AF: A favor; EC: en contra]

Tras cada debate, os xuíces deliberan, deciden asignación de puntuacións en función dunhas plantillas de valoración, comunican ao comité organizativo os resultados e ofrecen unha reunión de intercambio de pareceres cos equipos participantes.

Quen pode participar?

Outra característica que fai moi atractiva esta liga é o feito de que está orientada a un abano moi amplo de participantes.

Poderán participar nesta liga as persoas que teñan a maioría de idade no momento da inscrición, que sexan universitarias (grao, posgrao, máster e/o doutoramento), que

pertenzan ao alumnado de escolas de negocios e mesmo ao alumnado de bacharelato e ciclos de Formación Profesional de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta sería unha oportunidade moi interesante a abrazar xa que non soen coincidir nun mesmo formato de liga de debate participantes procedentes de tan dispares realidades académico-formativas.

Por último, cabe reseñar que esta actividade dá resposta fielmente á necesidade de dar oportunidades amenas e atraentes de participar na sociedade por parte do colectivo tan amplo de persoas maiores de idade e do contexto académico diverso e, por outro, cumpre coa encomenda por parte da economía social de acadar na sociedade un desenvolvemento integral das persoas fundamentándose en valores e principios coherentes con este tipo de propostas.

Onde se vai celebrar?

A liga de debate da economía social vai ter lugar na USC (cuartos de final) e nas instalacións do Colexio de Fonseca (semifinais e finais) en Santiago de Compostela.

Escóllese esta ubicación do Colexio de Fonseca por estar en Compostela, capital da Comunidade Autónoma de Galicia e tamén polo senso que esta ubicación de por si lle da ao evento.

A liga de debate da economía social é unha actividade de contraposición na súa esencia:

**Competitividade en canto a retórica
nun ambiente certamente de cooperación.**

E aquí descansa o exercicio da palabra, nunha liga con importante valor social e achegas de calado ao desenvolvemento de habilidades moi necesarias na actualidade.

